

PREPARAR OS CURRÍCULOS DE GALICIA: UNHA TAREFA COMPARTIDA E DE DELIBERACIÓN Á LUZ DO DÍA

A LOMLOE, que en aspectos importantes retoma adecuadamente a LOE de 2006, recoñece ás CCAA con lingua propia a posibilidade de fixar os currículos das distintas ensinanzas, co requisito de integrar as “ensinanzas mínimas”. A este respecto, sinala a LOMLOE no art. 6.3 que o Goberno central, previa consulta ás CCAA, fixará os aspectos básicos ou ensinanzas mínimas, que se cuantifican nun 50 % do tempo horario académico. As CCAA, con lingua propia recoñecida, poderán prescribir indicacións curriculares para un 40% do tempo, quedando un 10% a disposición dos centros docentes, que desenvolverán e completarán os currículos, con adecuación ás etapas e contextos socioculturais onde se sitúen, como terceiro momento de concreción curricular.

Indícase, ademais, que as administracións revisarán periodicamente os seus Decretos curriculares para a súa revisión e actualización, motivo polo que o Ministerio de Educación e FP creará no seu seo unha unidade especializada e técnica pertinente á cuestión (consultiva, ou mesmo prescritiva) con algunha participación das CCAA.

Noutra orde de consideración, promoverase a articulación dos currículos a partir das oito competencias clave sinaladas pola Unión Europea en 2006, facendo valer o enfoque competencial, que supón vincular contidos con competencias. E a LOMLOE preconiza que se distinga entre aprendizaxes *esenciais* (as que ninguén pode ignorar) e as *desexábeis*.

Veu sendo práctica repetida en Galicia que, logo de coñecidas as “ensinanzas mínimas” fixadas polo MEC, a Consellería de Educación da Xunta encargase a elaboración curricular a ensinantes fidelizados a través dos CEFORE e dos Servizos centrais de formación permanente, chegando esa documentación no *last minute*, antes de entrar en aplicación xeral, ao Consello Escolar de Galicia como órgano consultivo, onde se establecía un calendario para a presentación de propostas e emendas, todo a ‘resolver’ nun mes, con deliberacións a miúdo precipitadas e aprobación de partes do currículo polo sistema de grupos de opinión con bafo partidario, logo do que a Consellería podía converter isto en Decretos fixos e sen revisar (*manda o DOG*).

Un modo completamente inconsciente e administrativista, meramente ‘político’ e conservador, de posicionarse desde a Administración galega ante cuestión tan relevante. *Repetiremos agora, entre 2021 e 2022 este torpe modo de funcionar?* É para a Xunta o máis cómodo, pero non é intelixente para Galicia e os galegos/as.

Mentres non queden fixadas as ensinanzas mínimas estatais (proceso agora aberto^[1]) ‘non hai tarefa’ desde a Consellería. *Pero hai moito que facer*. A Consellería debe crear, canto antes, un amplo grupo de traballo docente de entre 30-40 docentes pertencentes a EI, Primaria, ESO, Bacharelato (do conxunto de grandes áreas, con presenza de formadores nos CFR e a través do CAFI, outros recoñecidos por publicacións específicas e con contido teórico-práctico e non só descritivo, e cunha representación específica de membros de MRP e/ou de organización sindicais docentes con programa e actividades de formación), eximíndoos por un tempo da actividade docente ordinaria, para -en colaboración cun núcleo de docentes universitarios con formación especializada no campo curricular- xerar un programa de formación didáctico-curricular, previo ao desenvolvemento de tarefas de elaboración curricular en Galicia. De camiño virán outros desempeños técnicos non menos necesarios.

Ou isto, ou un novo ‘toma e daca’ administrativo, feito con algunha nocturnidade. ■

[1] Este texto foi escrito nos primeiros días de maio.